



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 29 de novembro de 2006 adoptou a seguinte

**RESOLUCIÓN:**

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común de monte denominado Paraños II, tramitado a solicitude dos veciños dos lugares de Bangueses de Arriba e Bangueses de Abaixo da parroquia de Bangueses, resultan os seguintes

**FEITOS:**

**Primeiro.-** Con data 26 de agosto de 2002 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da consellería de Medio Ambiente escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Eduardo Roman Rodríguez en calidade de presidente da comunidade de montes de Bangueses, no que solicita a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños dos lugares de Bangueses de Arriba e Bangueses de Abaixo.

**Segundo.-** Con data 21 de maio de 2003 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instructor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

**Terceiro.-** No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentara ningunha.

**Cuarto.-** O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación obrante no expediente, descríbese así:

Concello: Vereá (Ourense)

Denominación do monte: Paraños II

Comunidade propietaria: veciños de Bangueses de Arriba e Bangueses de Abaixo, da parroquia de Bangueses

Superficie: 18 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: punto unión de límites de termos municipais de Celanova, Quintela de Leirado e Vereá.

Sur: Monte veciñal de "Paraños" dos veciños de Bangueses

Leste: límite termo municipal de Celanova.

Oeste: límite termo municipal de Quintela de Leirado.

O límite do monte está constituído polo triángulo definido polos vértice e coordenadas UTM seguintes:

<u>Vértice</u>	<u>Coordenada X</u>	<u>Coordenada Y</u>
1	577.742,7875	4.663.551,2878
2	578.796,5260	4.663.309,3331
3	577.411,3580	4.663.286,5160

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**Primeiro.-** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.-** de conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei "son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

**Terceiro.-** É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

**Cuarto.-** O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.


En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros.

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños dos lugares de Bangueses de Arriba e Bangueses de Abaixo, da parroquia de Bangueses, no concello de Verea, o monte Paraños II coa descrición reflectida no feito cuarto.

**Segundo:** Que, en cumprimento do disposto no art. 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989 (citada) a presente resolución se notifique ós interesados no expediente e se publique no diario oficial de Galicia facendo constar que pode ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/199, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativo.





Propietario: "Comunidad de vecinos de Bangueses"

Superficie: 18,20 has (182000 m<sup>2</sup>)      Perímetro: 2890,81 m

Límites: Norte: Términos Municipales de Celanova y Quintela de Leirado  
 Sur: Monte Vecinal "Parafos", Propiedad de los vecinos de Bangueses  
 Este: Monte Vecinal "Parafos", Propiedad de los vecinos de Bangueses  
 Oeste: Fincas particulares de vecinos de Bangueses

Escala = 1:10.000

Vértice	Coordenadas (x,y)	
1	577.742,7875	4.663.551,2878
2	578.796,5260	4.663.309,3331
3	577.411,3580	4.663.286,5160